

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 23 de novembro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

PUNTO 2.º COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Asuntos económicos e contratación

Cesión do contrato administrativo para a subministración de vestiario do persoal do Parlamento adxudicado a D^a. María Mercedes Buján Liñares (expte. nº SRI-PA-10/2017)

Tendo en conta os seguintes:

Antecedentes

1. O inicio deste procedemento de contratación foi acordado pola Mesa do Parlamento de Galicia na súa reunión de 1 de agosto de 2017. Os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas foron publicados no BOPG núm. 161, do 11 de agosto de 2017. O anuncio de licitación foi publicado no DOG nº 177, do 18 de setembro.

2. O contrato foi adxudicado a D^a. María Mercedes Buján Liñares mediante Acordo da Mesa do 28 de decembro de 2017 e foi formalizado o 22 de xaneiro de 2018. A súa duración esténdese dous anos desde o día seguinte a súa formalización, podendo ser obxecto de prórroga polo tempo que acorde a Mesa, ata un máximo de dous anos máis.

3. Para responder da execución do contrato, D^a. María Mercedes Buján Liñares, constituíu, mediante depósito en metálico, sendas garantías definitivas por importe de 337,85 € para o lote I, e de 552,07 € para o lote II.

4. Logo da solicitude do contratista, mediante Acordo da Mesa de 14 de xaneiro de 2020, o contrato foi prorrogado ata o 22 de xaneiro de 2021.

5. Mediante escrito rexistrado o 5 de novembro de 2020 no rexistro Xeral da Cámara (rexistro nº 4915), se solicita autorización á Mesa do Parlamento para a cesión do contrato a D. José Rodríguez Gómez (nif nº 33297314F), por motivo da súa recente xubilación e a asunción de D. José Rodríguez Gómez da explotación e nome comercial de “Cierito Moda Hombre”. Xunto coa solicitude achega:

- Fotocopia do dni de M^a Mercedes Buján Liñares, D. José Rodríguez Gómez e D. Enrique Javier Suárez Brun.
- Poder notarial de representación de José Rodríguez Gómez en favor de Enrique Javier Suárez Brun.
- Declaración de contratos realizados por D. Enrique Javier Suárez Brun.



- Declaración de D. José Rodríguez Gómez non estar incurso en prohibición de contratar.
- Declaración de D. José Rodríguez Gómez de compromiso de confidencialidade.
- Compromiso de D. José Rodríguez Gómez de elevación a escritura pública da cesión do contrato, no caso de ser autorizado polo Parlamento de Galicia.
- Certificado positivo de débedas tributarias coa AEAT.
- Certificado positivo de débedas tributarias coa ATRIGA.
- Certificado positivo de débedas tributarias coa Seguridade Social.
- Certificación censal de José Rodríguez Gómez, na que consta nos epígrafes 651.2 e 651.6 do IAE.
- Presentación da baixa no censo de empresarios, profesionais e retenedores da AEAT de D^a. M^a Mercedes Buján Liñares.

Consideracións legais

Primeira.- En virtude do establecido na disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior.

Polo tanto é aplicable a este contrato o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro (TRLCSP).

Segunda.- No TRLCSP, a cesión do contrato esta regulada no artigo 226, segundo o cal os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non fosen razón determinante da adxudicación do contrato e da cesión non resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado.

Non se poderá autorizar a cesión a un terceiro cando esta supoña unha alteración substancial das características do contratista se estas constitúen un elemento esencial do contrato.

Terceira.- A cesión do contrato esta condicionada aos seguintes requisitos:

- a) Que o órgano de contratación autorice a cesión de forma previa e expresa.
- b) Que o cedente teña executado polo menos un 20 por 100 do importe do contrato.
- c) Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración e a solvencia que resulte exixible en función da fase de execución do contrato, que debe estar debidamente clasificado, se tal requisito foi exixido ao cedente, e non estar incurso nunha causa de prohibición de contratar.
- d) Que a cesión se formalice entre o adxudicatario e o cesionario en escritura pública.

Intervención e Asuntos Económicos
Servizo de Persoal e Réxime Interior



Cuarta.- Ao teor do artigo 102.5 do TRLCSP, non procederá a devolución nin cancelación da garantía depositada pola cedente ata que se formalice a constitución do cesionario.

Conforme ao artigo 99.3 do TRLCSP, cando como consecuencia dunha modificación do contrato se experimente unha variación do prezo, deberá reaxustarse a garantía para que garde a debida proporción co novo prezo.

Quinta.- Asinan a solicitude de autorización para a cesión do contrato os interesados.

Asina as declaracións responsable, de confidencialidade, e compromiso de elevación a escritura pública D. Enrique Javier Suárez Brun, en nome de D. José Rodríguez Gómez, (con poder de representación suficiente segundo se acredita mediante escritura nº 1051, de 15 de xullo de 2020, bastantado pola Xunta de Galicia).

Visto o informe-proposta do Servizo de Persoal e Réxime Interior no que se acredita o cumprimento dos requisitos legais para a validez da cesión do contrato.

Xa que logo, a Mesa adopta o seguinte ACORDO:

1.º) Autorizar a cesión do contrato administrativo para a subministración do vestiario para o persoal do Parlamento de Galicia (expte. nº SRI-PA-10/2017), a D. José Rodríguez Gómez, que se subroga nos dereitos e obrigas que lle correspondían a adxudicataria do contrato D^a. María Mercedes Buján Liñares.

A cesión deberá elevarse a escritura pública. Unha copia auténtica ou unha copia compulsada deberá ser entregada no Parlamento de Galicia.

2.º) Publicar este acordo no perfil de contratante do Parlamento de Galicia.

3.º) Comunicarlles este acordo á cedente e á cesionaria, á Intervención e Asuntos Económicos e ao Servizo de Persoal e Réxime Interior.

Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado Oficial Maior

Xosé Antón
Sarmiento Méndez,
Letrado Oficial
Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón Sarmiento Méndez, Letrado Oficial Maior
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=Xosé Antón Sarmiento Méndez,
Letrado Oficial Maior,
email=xsarmiento@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2020.11.24 11:48:55 +01'00'





Asinado dixitalmente por:

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 24/11/2020 11:48:55

